



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DAS MEDIDAS PARA ADOPTAR NAS DEPENDENCIAS MUNICIPALES CON MOTIVO DO COVID-19
EXPEDIENTE: 2020/X999/000243

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A situación xerada pola evolución do coronavirus Covid-19 supuxo a adopción de medidas de contención extraordinarias polas autoridades de saúde pública que inclúen, entre outras, o peche de centros educativos e de atención a persoas maiores. Adicionalmente requírese a adopción doutras medidas que aúnen a protección da saúde das empregadas e empregados públicos coa adecuada prestación dos servizos públicos.

SEGUNDO. A providencia de inicio do expediente 2020/X999/000243, de medidas no Concello de Betanzos con motivo do Covid-19, de María Barral Varela, do 12 de marzo de 2020.

TERCEIRO. O Goberno de España declarou o día 14 de marzo de 2020 o Estado de Alarma en todo o país durante quince días, que podería prorrogarse se fose preciso e cóntase coa autorización do Congreso de Deputados.

A medida adoptouse para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

O Estado de Alarma comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais. Así mesmo as Administracións Públicas están obrigadas a facilitar medidas que favorezan o traballo dende as súas casas aos empregados públicos na medida do posible, e sempre que sexa viable a prestación dos servizos públicos por medios non presenciais.

CUARTO. A Fegamp ditou o 15.03.2020 unhas instrucións para todos os concellos de Galicia.

QUINTO. O ministro do interior ditou a Orde comunicada pola que se establecen criterios de actuación para as forzas e corpos de seguridade en relación co real decreto polo que se declara a situación de estado de alarma co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus covid-19

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 publicado no BOE de 14 de marzo de 2020

A Orde comunicada pola que se establecen criterios de actuación para as forzas e corpos de seguridade en relación co real decreto polo que se declara a situación de estado de alarma co fin de afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus covid-19

CONSIDERACIÓNS

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

PRIMEIRA. Respectando o establecido no Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, resulta de aplicación o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local que dispón como atribución da Alcaldía:

m) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ao Pleno.

É de aplicación, á vez, o artigo 41.8 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que establece como atribución da Alcaldía:

8. Dirixir a Policía urbana, rural, sanitaria, de subsistencia, de seguridade e circulación e de costumes, publicando ao efecto Bandos, Ordes ou circulares de instrucións.

SEGUNDA. De acordo coa proposta da FEGAMP e de acordo co establecido no decreto polo que se declara o estado de alarma, o Concello de Betanzos adoptará medidas dende o 16 de marzo e ata o día 29 de marzo de 2020.

O Concello de Betanzos xa suspendeu temporalmente todas as actividades culturais, deportivas e sociais e o resto de actos e espectáculos públicos e festexos populares en recintos abertos e pechados que congreguen a persoas e ademais péchanse os parques, as prazas e o resto de espazos abertos de uso público do municipio.

Visto todo o que antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,
RESOLVO:

PRIMEIRO. Crear unha Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19 que poderá estar formada polas seguintes persoas:

- A Alcaldesa
- O primeiro e segundo tenente de alcalde
- O Xefe da Policía Local
- O responsable dos Servizos de Emerxencia e Protección Civil
- O secretario municipal

A estes efectos reunirse por primeira vez este luns 16.03.2020 ás 09:00 da mañá.

Esta comisión poderá reunirse telemáticamente e poderá contar co asesoramento dos técnicos necesarios para facilitar a súa labor e coordinar os servizos.

SEGUNDO. A comunicación co Concello debe realizarse de forma telemática a través da sede electrónica municipal ou vía telefónica a través dos teléfonos seguinte:

- Casa do Concello: 981 770 011
- Protección civil: 981774742

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

-Policía: 981770707

- Servizos Sociais: 981770707

- Sede municipal: sede.betanzos.gal

- rexistro electrónico común: <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>

TERCEIRO. En caso de que non se dispuxese de medios telemáticos e para aqueles supostos de urxencia, o Concello atenderá presencialmente previa petición de cita telefónica, en horario de 9 a 14 horas.

CUARTO. Os servizos administrativos municipais funcionarán telemáticamente e en equivalencia a servizos mínimos a porta pechada de 9 a 14 horas, e serán atendidos por unha persoa cada un dos seguintes Servizos. Este luns o concello chamará aos seguintes traballadores:

- Conserxería Municipal, Marcos Dopico

- Estatística, Padrón Municipal de Habitantes e rexistro de Entrada Municipal e Portelo Único: Tmatilde Vázquez.

- Rexistro de facturas telemático (Intervención) e pago a provedores (Tesourería): Vanessa Muiño e Elena Encinas.

- Urbanismo: Antonio Calviño.

- O técnico informático

- Persoal: Antonio Vara

No caso de que algunha destas persoas estea cumprindo o deber inescusable o concello fará o chamamento a outro traballador/a dispoñible para que o substitúa.

A quenda será establecida a partiren da reunión da **Comisión Municipal de seguimento da evolución do COVID-19**

- O Departamento de Obras, electricidade, cemiterios e Vías públicas seguirá as ordes e instrucións que lle dea especificamente o concelleiro delegado. En todo caso o servizo de limpeza viaria fará o seu traballo habitual.

O Departamento de Informática, intervención e secretaría, así como en xeral todos os departamentos estarán dispoñible en todo momento, presencial ou telemáticamente de acordo co ordenado polo concelleiro delegado en cada caso concreto.

Os/as empregados/as municipais que acudan presencialmente a prestar estes servizos deberán realizalo en días alternos, polo que se organizarán quendas polos/as correspondentes Xefes/as de Servizo.

QUINTO. Dada a situación de crise sanitaria e tendo en conta o disposto polo Goberno de España, a Policía Local e o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil continuarán coa prestación dos respectivos Servizos de xeito ordinario, que poderán ser reforzados cando a situación o requira.

Autorízase á xefatura da policía local a establecer unha instrución e a ditar as ordes necesarias para garantir o bo funcionamento do servizo, con proporcionalidade e respectando o establecino na Orden ministerial indicada nos antecedentes.

SEXTO. Os Servizos Sociais Municipais, dado o seu carácter asistencial quedarán suxeitos no desenvolvemento do seu traballo aos protocolos establecidos polos/as responsables de Área, facilitando sempre que se poida o teletraballo aos empregados públicos que prestan servizo nestes Departamentos.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

SÉTIMO. O persoal municipal que non preste servizos dun modo presencial deberá estar dispoñible coa finalidade de prestar servizo telemáticamente, sempre que fose posible ou reemplazar aos compañeiros cando fosen requiridos.

Queda prohibida a fichaxe mediante sinal de pegada táctil instalado en cada un dos edificios municipais para os que realicen traballo presencial.

OITAVO. Quedan suspendidas as sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais (Xunta de Goberno Local, Pleno da Corporación, Comisións Informativas etc) a excepción da Comisión de Seguimento do COVID-19 ou calquera outra que fose preciso celebrar.

NOVENO. A Comisión de seguimento do COVID-19 estudará entre outros temas, a colaboración coas autoridades sanitarias, a atención a cidadanía, en especial ás persoas máis vulnerables, a suspensión de cobro de taxas, así como todos aqueles aprazamentos e fraccionamentos de taxas, impostos, etc, que fose preciso levar a cabo para os sectores económicos afectados pola crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

DÉCIMO. Ditas medidas iranse adaptando á situación epidemiolóxica de cada momento, e informarse de cada variación que se poida producir con respecto ás mesmas.

UNDÉCIMO. Suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación de todos os procedementos administrativos do Concello de Betanzos, así como os prazos de prescrición e caducidade, nos termos establecidos na Disposición Adicional Terceira e Cuarta do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

DUODÉCIMO. Conforme ao artigo 7 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, infórmase á poboación das limitacións á liberdade de circulación de persoas que se transcribe literalmente:

1. Durante a vixencia do estado de alarma as persoas unicamente poderán circular polas vías de uso público para a realización das seguintes actividades:

- a) Adquisición de alimentos, produtos farmacéuticos e de primeira necesidade.
- b) Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- c) Desprazamento ao lugar de traballo para efectuar a súa prestación laboral, profesional ou empresarial.
- d) Retorno ao lugar de residencia habitual.
- e) Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- f) Desprazamento a entidades financeiras e de seguros.
- g) Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- h) Calquera outra actividade de análoga natureza que haberá de facerse individualmente, salvo que se acompañe a persoas con discapacidade ou por outra causa xustificada.

2. Igualmente, permitirase a circulación de vehículos particulares polas vías de uso público para a realización das actividades referidas no apartado anterior ou para a reposición en gasolinerías ou estacións de servizo.

3. En todo caso, en calquera desprazamento deberán respectarse as recomendacións e obrigacións ditadas polas autoridades sanitarias.





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

4. O Ministro do Interior poderá acordar o peche á circulación de estradas ou tramos delas por razóns de saúde pública, seguridade ou fluidez do tráfico ou a restrición nelas do acceso de determinados vehículos polos mesmos motivos.

Cando as medidas ás que se refiren os parágrafos anteriores adóptense de oficio informarase previamente ás administracións autonómicas que exercen competencias de execución da lexislación do Estado en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria.

As autoridades estatais, autonómicas e locais competentes en materia de tráfico, circulación de vehículos e seguridade viaria garantirán a divulgación entre a poboación das medidas que poidan afectar o tráfico rodado.

DÉCIMO TERCEIRO. Notificar a presente resolución a todos os concelleiros da Corporación, a todos os empregados públicos, ao Corpo da Policía Local, aos veciños a través das redes sociais oficiais do Concello de Betanzos de Twiter e Facebook, a través dos taboleiros de anuncios de todos os centros cidadáns e darlle traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
128/18, do 16 marzo)

María Barral Varela

O secretario (Asinado para os efectos do art. 3.2 do Real decreto

Adrián J. Márquez Caramés

